

OS NOMES DE CASA DO BURIZ

Fernando Vázquez López

I. Os nomes de casa

Neste traballo trátase de dar conta dunha realidade cultural e lingüística moi presente nos núcleos rurais: os nomes de casa. O nome de casa é a denominación ou denominacións que son usadas para referirse a unha casa.

Os nomes de casa, tamén chamados oicónimos (ELR, s.v. oiconime), son estudados pola oiconimia, que é unha parte especial da onomástica que se dedica á súa análise e estudo.

Á máis de oicónimos tamén reciben o nome de ecónimos (Álvarez-Balbuena García 1999:8-9), aínda que esta denominación tamén é usada para referirse aos nomes comerciais (Bajo Pérez 2002:22-23), polo que debido a esta ambigüidade da denominación ecónimo, é preferible reservar esta forma para os nomes propiamente comerciais, e para os nomes de casa utilizar a forma oicónimo.

Os oicónimos pódense agrupar en distintos conxuntos segundo a súa orixe. Sen dúbida, o grupo de nomes de casa procedentes de *alcumes*¹ é un dos máis interesantes. Nos últimos anos, a creación de *alcumes* descendeu notablemente, o que levou a que a creación de oicónimos que teñen a súa orixe nun alcume descendese tamén.

As causas deste descenso están en que cada vez é menor a dependencia que uns veciños teñen dos outros, o que leva a que as relacións que existen entre eles sexan cada vez menores.

Na parroquia do Buriz, que foi a utilizada para a recollida de nomes de casa, ademais da forma *alcume*, que non é a máis empregada, tamén aparecen outras formas para referirse á mesma realidade lingüística como son *apoio*, *alias*, *mote*, *mal nome* e *apodo*².

De todas estas formas as que teñen unha maior extensión e rexistran un maior uso son *apoio* e *mal nome*. A diferenza entre estas dúas denominacións está en que *mal nome* refírese a todos os *alcumes* que teñen connotacións negativas, mentres que *apoio* pode referirse tanto a *alcumes* con connotacións negativas coma sen elas.

Fernando Vázquez López

A palabra *apoio* non se pode afirmar con claridade se é unha deformación da forma castelá *apodo* ou se realmente é unha forma propiamente galega creada a partir do substantivo *apoio*. Nun principio referírase a aquel sobrenome³ que vai acompañando ao nome, para posteriormente referirse tamén ao sobrenome que vai só. De todos os xeitos, é unha forma que non aparece rexistrada con este significado en ningún dos dicionarios consultados⁴.

O termo *mal nome* non aparece definido en ningún dicionario galego, pero si é utilizado para definir outros sinónimos seus como son *alcume*, *alcuño* ou *nomeada* (GDXL, s.v. alcume, alcuño e nomeada). *Mal nome* é unha forma existente noutras linguas como o español, o catalán ou o portugués, e como xa se indicou anteriormente, é utilizado para referirse só a aqueles *alcumes* que teñen connotacións pexorativas.

F. Tato Plaza (1992:370) fala de *mal nome* como unha forma sinónima de *alcume*, que tamén se rexistra no portugués, e de *nomeada*, forma esta tamén presente no norte de Portugal.

En catalán aparece a forma *malnom*, conxuntamente con *alias*, *mot*, *motiu* e *renom* (Moreu-Rey 1981:15 e ss.) e en español a forma *mal nombre*⁵ aparece ao lado de *alias*, *apodo* e *mote*.

Outra palabra que aparece como sinónimo de *alcume* nalgún dicionario galego é *adeallo* (GDXL, s.v. adeallo).

As formas *mote*, *apodo* e *alias* teñen un uso moito menor que *apoio* e *mal nome*, sobre todo entre as xeracións máis vellas, aínda que entre as xeracións máis novas, xente de corenta anos para abaixo, a cousa cambia, e os castelanismos *mote*⁶ e *apodo* teñen un uso bastante elevado.

A forma galega *alias*, ao igual que pasa con *alcume*, apenas é usada.

A parroquia do Buriz

O lugar no que se fixo este estudo foi a parroquia do Buriz⁷, pertencente ao concello de Guitiriz, provincia de Lugo.

A parroquia do Buriz está ao norte do concello de Guitiriz e forma un cuadrilátero de aproximadamente uns 6 x 5,8 quilómetros, o que conforma uns 30,96 Km² de superficie (MPG:18).

Neste traballo contabilizáronse un total de 124 casas das que dez están xa deshabitadas, pero aínda permanecen na memoria colectiva.

En canto ao número de habitantes, segundo os datos do Padrón Municipal (Roca Cendán 2000:45) no ano 1996 había 476 habitantes na parroquia do Buriz.

A recollida de información

As fontes sobre as que se traballou son de tipo oral.

Os informantes, residentes todos eles na parroquia do Buriz, son na súa maioría de setenta anos para arriba, aínda que tamén se fixeron consultas a xente doutros grupos de idade, polo xeral non máis novos dos corenta anos.

Hai que ter moi presente que os nomes de casa deste traballo son todos os que están, pero non están todos os que son, xa que de seguro quedaron algúns nomes de casa sen recoller.

Balance xeral dos nomes de casa

Recolléronse un total de 222 nomes de casa dos que 108 (48,65%) teñen a súa orixe nun nome propio, 17 (7,65) nun apelido, 25 (11,25%) nun topónimo, 67 (30,2%) nun alcume e outros 5 (2,25%) que non se encadran en ningunha destas categorías.

1. Nomes de casa procedentes de nomes propios ou hipocorísticos:

Os nomes de casa creados a partir de nomes propios ou hipocorísticos son un total de 108, o que supón o 48,65% do total: *a casa de Adriano, Albino de San Cibrao, Alejandrina, Andrea, Andrés da Forxa, Andrés de Manuel, Andrés de Matías, Andrés do Forno, Andrés do Vilariño, Andrés do Vilariño, Ángel de Xidá, Antón da Graña, Antón das Mezoiras, Antón de Roque, Antón de Xoquín, Antón do Campo, Antón do Grueiro, Antonio de Corvite, Antonio de Xestoselo, o Bartolo, Baselisa, Basilio, Benigna de Rego, Bienvenido do Grueiro, Bienvenido do Vilariño, Camilo da Pedreira, o Carmino, os Carminos da Penagrande, Celso da Ventisca, Culás, as Damasias, David Novo, Dionisio de Rebordelo, Domingo de Corvite, Encarnación do Sandiño, Eustaquio, Feliciano da Penagrande, Fernando de Xestoselo, Fina, Francisco dos Guizos, Germán de Corvite, Gerardo, Guillermo da Fontecribo, Gumersindo, Indalecio, Isolina da Forxa, Jaime da Costeira, Jesús de Rebordelo, Jesús de Xidá, Jesús dos Guizos da Fontecribo, José da Pedreira, José Calvo, José de Feliso, José de María, José de Miguel, José de Rebordelo, José do Sandiño, José Manuel, Juanito das Penas, Leonardo, os Leopoldos, Lisardo de Corvite, as Lourenzas, Lourenzo da Forxa, Lourenzo de Carelo, Manolo da Pedreira, Manolo de Rebordelo, Manolo de Teresa, Manolo do Forno, Manolo do Grueiro, María da Graña, as Marianas, Matías, as Miguelas, Miguel de Bustelo, Miguel de Corvite, Miguel do Forno, Modesto de San Cibrao, Orlando, Palmira, o Pasquelo, Pedro de Mota, Pepe de Pichín, Plácido, Roquiño de Riotorto, Salustio, Santiago, Santiago da Costeira, Santiago das Burras, Secundino, Serafín, Suso da Lameira, Suso das Mezoiras, Suso de Basilio, Suso do Sandiño, Tino, Tomás, Tomás de Corvite, Tomás de Xidá, Toñita do Sandiño, Ventura, Ventura de Carelo, Virgínio do Sandiño, Vitorio, Xan do Curral Vello, Xan do Quinto, Xelo e Xoquín das Penas.*

1.1. Dentro dos nomes de casa derivados dun nome propio, hai que distinguir un grupo constituído por 21 oicónimos, o que supón o 9,45% do total dos nomes de casa e o 19,45% deste primeiro bloque, que son aqueles que parten do hipocorístico dun nome: *a casa de Culás, Fina, Juanito das Penas, Manolo da Pedreira, Manolo de Rebordelo, Manolo de Teresa, Manolo do Forno, Manolo do Grueiro, o Pasquelo, Pepe de Pichín, Roquiño de Riotorto, Suso da Lameira, Suso das Mezoiras,*

Fernando Vázquez López

Suso de Basilio, Suso do Sandiño, Tino, Toñita do Sandiño, Xan do Curral Vello, Xan do Quinto, Xelo e Xoquín das Penas.

O resto dos nomes de casa procederían de nomes propios, e estarían constituídos por 87 exemplos o que supón o 39,18% do total dos nomes de casa e o 80,55% deste primeiro bloque. Son os seguintes: *a casa de Adriano, Albino de San Cibrao, Alejandrina, Andrea, Andrés da Forxa, Andrés de Manuel, Andrés de Matías, Andrés do Forno, Andrés do Vilariño, Andrés do Vilariño, Ángel de Xid, Antón da Graña, Antón das Mezoiras, Antón de Roque, Antón de Xoquín, Antón do Campo, Antón do Grueiro, Antonio de Corvite, Antonio de Xestoselo, o Bartolo, Basilio, Benigna de Rego, Bienvenido do Grueiro, Bienvenido do Vilariño, Camilo da Pedreira, o Carmino, os Carminos da Penagrande, Celso da Ventisca, as Damasias, David Novo, Dionisio de Rebordelo, Domingo de Corvite, Encarnación do Sandiño, Eustaquio, Feliciano da Penagrande, Fernando de Xestoselo, Francisco dos Guizos, Germán de Corvite, Gerardo, Guillermo da Fontecribo, Gumersindo, Indalecio, Isolina da Forxa, Jaime da Costeira, Jesús de Rebordelo, Jesús de Xid, Jesús dos Guizos da Fontecribo, José da Pedreira, José Calvo, José de Feliso, José de Marla, José de Miguel, José de Rebordelo, José do Sandiño, José Manuel, Leonardo, os Leopoldos, Lisardo de Corvite, as Lourenzas, Lourenzo da Forxa, Lourenzo de Carelo, Marta da Graña, as Marianas, Matías, as Miguelas, Miguel de Bustelo, Miguel de Corvite, Miguel do Forno, Modesto de San Cibrao, Orlando, Palmira, Pedro de Mota, Plácido, Salustio, Santiago, Santiago da Costeira, Santiago das Burras, Secundino, Serafín, Tomás, Tomás de Corvite, Tomás de Xid, Ventura, Ventura de Carelo, Virgínio do Sandiño e Vitorio.*

1.2. Dentro do bloque que conforman os 108 oicónimos que son creados a partir de nomes propios pódense aínda facer máis subdivisións partindo das formulas utilizadas, e así temos:

- a) Nomes de casa conformados só por un nome propio ou un hipocorístico, dos que se recollen 31 exemplos que supoñen o 13,96% do total de nomes de casa e o 28,7% dos derivados dun nome propio. Son os seguintes: *a casa de Adriano, Alejandrina, Andrea, o Bartolo, Basilio, o Carmino, Culás, as Damasias, Eustaquio, Fina, Gerardo, Gumersindo, Indalecio, José Manuel, Matías, Leonardo, os Leopoldos, as Lourenzas, as Marianas, as Miguelas, Orlando, Palmira, Plácido, Salustio, Santiago, Secundino, Serafín, Tino, Tomás, Ventura, Xelo.*

Chaman a atención os plurais dun nome propio como: *a casa das Damasias, dos Leopoldos, das Lourenzas, das Marianas e das Miguelas* que son producidos por diversas circunstancias:

No caso da *casa das Damasias* e *das Miguelas* créase o nome cando morre o patriarca da casa, Damasio e Miguel, e na casa non quedan máis que mulleres.

En cambio, coa *casa das Lourenzas* e coa *das Marianas*, a matriarca da casa, que é quen achega o nome, non morre, senón que convive coa súa filla, no caso de Lourenza, e coas súas fillas, no caso de Mariana.

Pola súa parte, *a casa dos Leopoldos* recibe este nome cando Leopoldo enviúva e queda só na casa cos seus fillos.

Por todo isto, parece que a condición indispensable para a creación deste tipo de nomes de casa é que as persoas da casa pertencen todas ao mesmo sexo.

- b) Nun segundo grupo, constituído por 55 exemplos, (o que suporía o 50,92% dos nomes de casa derivados de nomes propios e o 24,77% dos nomes de casa en total), estaría integrado por aqueles oicónimos feitos a partir dun nome propio ou hipocorístico unido pola preposición *de* ao nome do lugar onde se atopa a casa. Serían os seguintes: *a casa de Albino de San Cibrao, Andrés do Vilariño, Andrés do Vilariño, Andrés da Forxa, Andrés do Forno, Ángel de Xidá, Antón da Graña, Antón das Mezoiras, Antón do Campo, Antón do Grueiro, Antonio de Corvite, Antonio de Xestoselo, Bienvenido do Grueiro, Bienvenido do Vilariño, Camilo da Pedreira, os Carminos da Penagrande, Celso da Ventisca, Dionisio de Rebordelo, Domingo de Corvite, Encarnación do Sandiño, Feliciano da Penagrande, Fernando de Xestoselo, Germán de Corvite, Guillermo da Fontecribo, Isolina da Forxa, Jaime da Costeira, Jesús de Rebordelo, Jesús de Xidá, José da Pedreira, José de Rebordelo, José do Sandiño, Juanito das Penas, Lisardo de Corvite, Lourenzo da Forxa, Lourenzo de Carelo, Manolo do Forno, Manolo do Grueiro, Manolo da Pedreira, Manolo de Rebordelo, Marla da Graña, Miguel de Bustelo, Miguel de Corvite, Miguel do Forno, Modesto de San Cibrao, Roquino de Riotorto, Santiago da Costeira, Suso das Mezoiras, Suso do Sandiño, Tomás de Corvite, Tomás de Xidá, Toñita do Sandiño, Ventura de Carelo e Virginio do Sandiño, Xan do Curral Vello e Xoquín das Penas.*

- c) Nun terceiro grupo estarían incluídos todos aqueles nomes de casa que están creados a partir dun nome propio ou hipocorístico (isto último só se dá en 3 casos) seguido da preposición *de* e doutro nome propio ou hipocorístico: *a casa de Andrés de Manuel, Andrés de Mattas, Antón de Roque, Antón de Xoquín, José de Feliso, José de María, José de Miguel, Manolo de Teresa e Suso de Basilio.*

No caso de *José de Feliso*, *Feliso* parece unha masculinización da forma feminina Felisa, pero en realidade procede do nome propio Félix, ao cal se lle engade unha vocal final á palabra para deixar claro o seu xénero (Boyd-Bowman 1955:360 e Sopena Balordi 1990:435).

Estes 9 oicónimos significan o 4,05% do total dos nomes de casa e o 8,3% deste primeiro bloque.

- d) Un cuarto grupo, estaría integrado por aqueles nomes propios ou hipocorísticos que van unidos a un alcume pola preposición *de*: *a casa de Francisco dos Guizos, Pedro de Mota, Pepe de Pichín, Santiago das Burras, Suso da Lameira e Xan do Quinto.*

Estes 6 nomes de casa supoñen o 2,7% do total de nomes de casa recollidos e o 5,5% deste primeiro bloque.

Fernando Vázquez López

- e) Un quinto grupo sería o composto por un só nome de casa, *a casa de Jesús dos Guizos de Fontecribo*, no que o nome propio ademais de levar o acompañamento dun alcume leva o dun topónimo.
Supón o 0,45% do total dos nomes de casa e o 0,9% deste primeiro bloque.
- f) O sexto grupo está integrado por un nome seguido dun apelido, do que só se rexistraron dous casos: *a casa de Benigna de Rego* e *a casa de José Calvo*.
Benigna de Rego leva a preposición no medio porque *Rego* non vén determinado porque sexa ese o primeiro apelido da dona da casa, que de feito o era, senón porque Benigna Rego procede da *casa de Rego*.
Este grupo supón o 0,9% do total de nomes de casa e o 1,9% deste primeiro bloque.
- g) O último grupo supón o 0,4% do total e o 0,9% do primeiro bloque, está integrado por un só oicónimo, *a casa de David Novo*, que é creado por un nome propio ao que se lle engade un adxectivo que ten a función de distinguir este nome de casa doutro.

2. Nomes de casa que teñen a súa orixe nun apelido:

Nun segundo bloque estarían incluídos os 17 nomes de casa que proceden de apelidos, o que vén a ser o 7,7% do total dos nomes de casa recollidos. Son os seguintes: *a casa de Alvariño, Calvo, Carballeira, Castro, Castro da Abeleira, Combal os Combas, García, Lobeiras, Montes, Paz, Paz, Pena, Pumares, Rego, Río, Rlo e Santos*.

Destes 17 apelidos, 5 deles (o 0,25% do total dos oicónimos e o 29,4% deste bloque) xa non existen na casa que leva este nome: *a casa de Calvo, Castro, Lobeiras, Rlo e Castro da Abeleira*.

Na *casa do Castro da Abeleira* non está claro que *Castro* proceda dun antigo apelido familiar, pero si é o máis probable. É significativo que sexa este o único apelido que necesita un apoio, o topónimo A Abeleira. Tamén podería ser que este nome de casa tivese a súa orixe nun topónimo, xa que preto da casa hai un castro (o castro da Abeleira) e o lugar no que está situado coñécese como *O Castro*.

3. Nomes de casa procedentes de topónimos ou localizadores espaciais:

O terceiro bloque no que se inclúen 25 nomes de casa que proceden ou ben dun topónimo ou ben dun localizador espacial (o que supón o 11,26% do total dos nomes de casa) e estaría conformado por: *a casa de Baixo, os Campelos, o Campo, a Cancela, as Cancelas, Cancelo do Forno, Carelo, Carreira, a Corredoira Nova, a Cova, a Cova, Esoutra Casa, Moureira, Pedrazón, o Penediño, Peniñas, o Portelo, a Rebeira, Riba, Riba, Rosende, Trás, Xid de Arriba, Veiga e Ventisca*.

3.1. Os 20 nomes de casa procedentes de topónimos constituirían o 9% do total dos nomes de casa, e son os seguintes: *a casa dos Campelos, o Campo, a Cancela,*

as Cancelas, Cancelo do Forno, Carelo, Carreira, a Corredoira Nova, a Cova, a Cova, Mouteira, Pedrazón, o Penediño, Peniñas, o Portelo, a Rebeira, Rosende, Xid de Arriba, Veiga e Ventisca.

- a) Na inmensa maioría dos casos o nome do lugar no que está situada a casa é o que se utiliza para o oicónimo, xa que destes 20 nomes de casa, en 13 deles (é dicir, o 5,85% do total dos nomes de casa e o 52% deste bloque) sucede isto: *a casa do Campo, a Cancela, as Cancelas, Cancelo do Forno, a Corredoira Nova, a Cova, Mouteira, Pedrazón, o Penediño, o Portelo, Rosende, Xid de Arriba e Ventisca.*
- b) Outros 5 nomes de casa proceden do nome dun lugar do que vén un antepasado: *a casa de Carelo, a Cova, Carreira, Rebeira e Veiga.* Neste grupo tamén se podería incluír *a casa da Cancela*, xa que hai a hipótese de que este oicónimo veña do nome do lugar de onde veu un antepasado da familia. Isto supón o 2,25% do total de nomes de casa e o 20% deste bloque.
- c) Hai 5 casos nos que se perde o artigo que ten o topónimo do que procede, e isto vén determinado porque ese topónimo primeiro pasa a ser o sobrenome do dono da casa e posteriormente utilízase para o nome da casa, sucede en: *a casa de Cancelo do Forno, Carreira, Mouteira, Pedrazón, Peniñas, Veiga e Ventisca.*

3.2. Dentro deste grupo de nomes de casa procedentes de topónimos inclúese unha serie de nomes de casa, que mais que partir dun topónimo, do que parten é dun localizador espacial, que supoñen o 2,25% do total dos nomes de casa e o 20% deste terceiro bloque. Son os 5 seguintes: *a casa de Baixo, Esoutra Casa, Riba, Riba e Tras.*

Destas cinco casas hai que sinalar as tres primeiras xa se atopan nunha mesma aldea, Xestoselo, e que as outras dúas pertencen a aldeas distintas.

4. Nomes de casa que teñen a súa orixe en alcumes:

O cuarto bloque, que supón o 30,18% do total dos nomes de casa, estaría integrado por 67 nomes de casa que teñen a súa orixe en alcumes e son os seguintes: *a casa do Ai Coño, a Amenexa, o Americano, a Becerreira, o Bernecho, os Bernechos, o Bronas da Abeleira, os Cacheiros, o Cachorro, os Cachorros, a Cadela Descalza, o Canteiro, o Capitán, o Carallés, o Caramba, Carrillo, os Chifros, os Chuculateiros, a Crega, o Cubano do Sandiño, Cuco de Campoverde, o Cuco de Xid, a Damiña, o Desertado, as Farrucanas, o Ferreiro de Corvite, o Ferreiro do Sandiño, os Fiandeiros, o Gaito, a Galamacha, o Goteras, Gugu, o Habanero, o Lenllo, o Longo, o Loño, o Marabillas, o Milloso, o Menor, o Miñaxoia, os Molinas do Forno, os Mouchos, os Mulos, os Orfos de Corvite, o Parrulo, o Perico, o Perrencho, o Perrote, Pichín, o Plantillas, os Potexos, o Rachón, os Ranchos, o Raposo, o Rei, a Renliña, a Resga, a Rubia, o Rubio de San Cibrao, o Rumasa, os Rusos, o Solo, o Tamboreleiro, o Telefónicas, o Zapateiro, o Zorro e o Zucha.*

Os alcumes que dan orixe a estes nomes de casa pódense dividir do seguinte xeito:

 Fernando Vázquez López

a) Alcumes procedentes da familia política:

Cando unha persoa vai casar a unha casa pode que o alcume da súa antiga casa o leve para a que se vai a vivir e así hai 5 exemplos (o 2,25% do total de nomes de casa e o 7,46% deste bloque): *a casa dos Cachorros, o Cuco de Campoverde, o Gaito, os Mouchos, o Perico e o Solo*.

b) Alcumes procedentes de nomes de profesións:

Está integrado por 9 alcumes creados a partir dunha profesión: *a casa da Becerreira, o Canteiro, o Capitán, a Crega, o Ferreiro de Corvite, o Ferreiro do Sandiño, os Fiandeiros, o Tamboreleiro e o Zapateiro*.

Supoñen o 4,05% do total de nomes de casa e o 13,43% deste cuarto bloque.

Só no caso da *casa do Capitán* segue viva a persoa que por primeira vez levou ese alcume, e pola outra banda, na *casa do Ferreiro de Corvite, o Ferreiro do Sandiño, os Fiandeiros e o Tamboreleiro* é imposible saber quen foi a primeira persoa que levou ese alcume, xa que proceden de oficios que existen dende moi antigo, e que se transmitían de pais a fillos.

c) Alcumes creados a partir dunha característica física, psicolóxica ou por anécdotas vitais:

Son 19 os oicónimos que teñen a súa orixe en alcumes desta procedencia, o que supón o 8,55% do total dos nomes de casa e o 28,35% dos oicónimos procedentes de alcumes.

Un importante grupo de alcumes sobre os que se forman oicónimos é o daqueles que reparan nas características físicas ou fisiolóxicas das persoas ás que se refiren. O aspecto físico, ou unha parte do mesmo considerada como relevante polo grupo social, ou outros factores que entran en relación co aspecto físico, como pode ser a hixiene, a vestimenta..., propician a creación de alcumes ben de maneira directa ou ben de maneira indirecta (cando é este segundo caso, normalmente por medio da metáfora). Deste xeito temos: *a casa da Amenexa, o Longo, o Plantillas, os Potexos, o Rachón, a Resga, a Rubia e o Rubio de San Cibrao*. Supoñen o 4,05% do total dos nomes de casa e o 13,43% dos oicónimos procedentes de alcumes.

Neste apartado tamén se inclúen aqueles alcumes que foron creados a partir da viaxe dun membro da casa a América: *a casa do Americano, o Cubano do Sandiño e o Habanero*. Supoñen unha porcentaxe moi pequena e estes tres oicónimos só significan o 1,35% do total dos nomes de casa e o 4,47% dos nomes de casa procedentes de alcumes.

Hai unha serie de alcumes feitos a partir dun roubo, que son 4 (1,8% do total de oicónimos e o 6,4% deste cuarto bloque): *a casa dos Cacheiros, o Desertado, o Milloso e o Telefónicas*.

E por último tamén estarían incluídos neste grupo *a casa do Marabillas e os Chifros*, xa que proceden de alcumes creados a partir de certos hábitos como son a afección polas mulleres ou poñer alcumes ás persoas e por seren moi faladores;

e tamén *a casa dos Orfos*, que procede dun alcume feito como consecuencia dunha peculiar situación familiar e sociolóxica. Estes tres alcumes significan o 1,35% do total dos nomes de casa e o 4,47% dos nomes de casa procedentes de alcumes.

d) Alcumes que toman como base nomes de animais:

Este grupo está integrado pola *casa do Cachorro*, *os Cahorros*, *a Cadela Descalza*, *o Cuco de Campoverde*, *Cuco de Xid*, *a Galamacha*, *os Mouchos*, *os Mulos*, *o Parrulo*, *o Raposo* e *o Zorro*.

Hai que ter en conta que *a casa do Cachorro*, *o Cuco de Campoverde*, *os Mouchos*, *os Mulos* e *o Parrulo* aparecen incluídas tamén noutros grupos xa que:

A casa do Cachorro, *do Cuco de Campoverde* e *dos Mouchos* comezaron a ser coñecidas con este nome a raíz da chegada á casa dunha persoa con este alcume.

Da *casa dos Mulos* non se sabe a orixe do alcume.

A casa do Parrulo ten a súa orixe nunha expresión: «o meu parruliño».

Estes 11 nomes de casa supoñen o 4,95% do total dos oicónimos e o 16,41% deste cuarto bloque.

e) Alcumes creados a partir dunha expresión:

Recóllense 5 exemplos, é dicir o 2,25% do total de nomes de casa e o 7,9% deste bloque: *a casa do Ai Coño*, *o Carallés*, *o Caramba*, *Gugu* e *o Parrulo*.

f) Alcumes que teñen a súa orixe en nomes de personaxes famosos:

Hai tres alcumes que son creados a partir de nomes ou sobrenomes de personaxes famosos como *a casa de Carrillo* e *a casa do Rumasa* ou de personaxes do cómic como *a casa dos Goteras*. Son o 1,35% do total de oicónimos e o 4,76% dos nomes de casa procedentes de alcumes.

g) Alcumes que teñen unha orixe descoñecida:

Dos 67 oicónimos procedentes de alcumes de 20 deles non se sabe a súa motivación: *a casa do Bernecho*, *os Bernechos*, *o Bronas da Abeleira*, *os Chuculateiros*, *Sandiño*, *a Damiña*, *o Lenllo*, *o Loño*, *o Menor*, *o Miñaxoia*, *os Molinas do Forno*, *os Mulos*, *o Perrencho*, *o Perrote*, *Pichín*, *os Ranchos*, *o Rei*, *a Renliña*, *os Rusos* e *o Zucha*.

Este grupo supón o 8,96% do total dos nomes de casa e o 29,85% dos oicónimos deste bloque.

5. Nomes de casa de difícil clasificación:

Un quinto e último bloque incluíría aqueles nomes de casa que teñen unha máis difícil clasificación. Supoñen o 2,25% do total dos nomes de casa e son os 5 seguintes: *a casa de Asebe*, *Campos*, *Sindicato*, *Trobón* e *Tronada*.

Na *casa de Asebe*, *Asebe* non se sabe o que designa. *Sebe* (DRAG, s.v. *sebe*) é un valo feito con varas e estacas cruzadas, arbustos, silvas, ramas..., polo que é probable que o *A-* inicial sexa un artigo e a orixe deste oicónimo sexa toponímica. Mais ao ser

Fernando Vázquez López

unha casa xa derruída e que desapareceu hai bastante tempo é difícil non só atopar xente que coñeza o significado deste oicónimo, senón mesmo que coñeza a existencia desta casa. Preguntados veciños e xente que coñecía esta casa polo significado de *Asebe*, ningún soubo determinar nin o seu significado, nin se era un alcume, un derivado dun nome, dun apelido..., só sabían confirmar que ese era o nome co que se coñecía a casa.

A casa de Campos parece un oicónimo derivado dun apelido, xa que non leva artigo, algo que é moi característico deste tipo de oicónimos, pero ante a imposibilidade de que houbera unha persoa que apuntase esta posibilidade, prefiro decantarme por incluíla neste apartado.

A casa do Sindicato. Neste caso *O Sindicato* procede de que esta casa era anteriormente unha especie de cooperativa, e tendo en conta que na parroquia do Buriz había unha confusión entre os termos cooperativa e sindicato, polo que se denominaba ás cooperativas co nome de sindicatos –algo do que fala máis a fondo M.A. Jove Losada (1988:45)–, queda claro que este oicónimo, que se está convertendo en topónimo, xa que moita xente comeza a coñecer o lugar que rodea á casa como *O Sindicato*, non se refire ao que modernamente se entende por sindicato, que é unha asociación que ten por obxecto a defensa dos intereses e dereitos dos profesionais (*DRAG*, s.v. sindicato).

Por último, *a casa do Trobón e a Tronada* reciben o seu nome por analogía con outro nome de casa *a casa da Ventisca*, que eran tres bares.

Os nomes de casa femininos

Un feito que non é moi sorprendente é que a inmensa maioría dos nomes de casa sexan masculinos. A pesar de todo, hai circunstancias que favorecen a creación de oicónimos procedentes de alcumes, nomes propios ou hipocorísticos de xénero feminino como son:

- Que na casa non viva ningún home: *a casa de Alejandrina*, *a Becerreira*, *a Crega*, *a Damiña*, *as Damasias*, *Encarnación do Sandiño*, *as Farrucanas*, *as Lourenzas*, *Marla da Graña*, *as Marianas* e *Toñita do Sandiño*.
- Que unha das mulleres da casa, que gozase de bastante popularidade, tivese un nome ou alcume pouco común: *a casa da Amenexa*, *Baselisa*, *Benigna de Rego*, *a Cadela Descalza*, *Fina*, *a Galamacha*, *Palmira*, *a Renliña*, *a Resga* e *a Rubia*.

Estes 21 nomes de casa supoñen o 9,42% dos nomes de casa, fronte ao 90,58% que supoñen os oicónimos derivados de alcumes, nomes propios ou hipocorísticos de xénero masculino.

Dentro do nome de casa, tamén pode aparecer, seguindo a un antropónimo de xénero masculino, outro de xénero feminino, mediando entre ambos a preposición *de*: *a casa de José de María*, *a casa de Manolo de Teresa* ou *a casa de Suso da Lameira*.

Neste caso, o nome masculino pertence ao cabeza de familia e o nome ou alcume feminino pertence á súa nai, que ou ben foi nai de solteira, ou ben enviuvou sendo moi nova.

Os nomes de casa con connotacións negativas

Son os seguintes: *a casa do Ai Coño, a Amenexa, a Becerreira, o Bernecho, os Bernechos, o Bronas da Abeleira, os Cacheiros, o Cachorro, a Cadela Descalza, o Carallés, o Caramba, os Chifros, o Cuco de Campoverde, o Cuco de Xid, o Desertado, a Galamacha, os Goteras, o Lenllo, o Marabillas, o Milloso, o Miñaxoia, os Mouchos, os Mulos, o Parrulo, o Pasquelo, o Perrencho, o Perrote, o Plantillas, os Potexos, o Rachón, os Ranchos, o Raposo, a Renliña, a Resga, o Rumasa, os Rusos, Santiago das Burras, o Zorro e o Zucha.*

Estes 39 nomes de casa, que significan o 17,48% dos oicónimos recollidos, deixan ben claro que a inmensa maioría dos nomes de casa non teñen connotacións negativas.

En moitos casos, o que sexa considerado como ofensivo ou non un oicónimo depende do carácter dos membros da casa, como por exemplo pasa coa *casa dos Bernechos* e do *Cachorro*, que consideran este sobrenome como ofensivo e en cambio os seus parentes da *casa do Bernecho* e dos *Cachorros*, non o consideran como ofensivo.

O feito de que un nome de casa resulte ofensivo vai tamén en función de quen o diga, de onde o diga e cómo o diga. Non hai unhas regras fixas que fagan que un nome de casa resulte ofensivo, aínda que aqueles que levan no seu interior nomes de animais teñen case todos eles connotacións negativas como pasa con: *a casa da Cadela Descalza, o Cachorro, o Cuco, a Galamacha, os Mouchos, os Mulos, os Ranchos, o Raposo, Santiago das Burras* ou o *Zorro*, e só queda sen connotacións negativas a *casa dos Cachorros*, que é de onde procede o oicónimo *a casa do Cachorro*.

É sorprendente o feito de que un paxaro como o cuco, que é pouco visto e ademais non se lle asocian connotacións negativas, sexa utilizado para dous oicónimos ofensivos: *a casa do Cuco de Campoverde* e *a casa do Cuco de Xid*.

Un grupo de nomes de casa que son sentidos sempre como inxuriosos son aqueles que proceden dun alcume que ten a súa orixe nun roubo, e nesta liña hai os exemplos de *a casa dos Cacheiros, o Desertado, o Milloso* e *o Telefónicas*. Algo semellante acontece con aqueles oicónimos que proceden dun alcume que fora creado para parodiar unha expresión como sucede coa *casa do Ai Coño, o Caramba, o Cachorro* («¡Que Cachorra!»), e en cambio para os seus parentes da *casa dos Cachorros* non é inxurioso, *o Carallés* e *o Parrulo* («o meu Parruliño»).

Despois, tamén sorprende que resulten ofensivos outros nomes de casa dos que nin sequera se sabe o seu significado como son: *a casa dos Bernechos, o Bronas da Abeleira, o Lenllo, o Perrote, a Renliña* ou *o Zucha*, e aínda que o máis probable é que esa idea de sentilos como desprezativos se transmita de pais a fillos, non hai nada que leve a afirmar isto con seguridade.

Fernando Vázquez López

Os castelanismos nos nomes de casa

Non se rexistra ningún castelanismo nos oicónimos procedentes de apelidos, topónimos e localizadores espaciais. Nos procedentes de alcumes só hai un: *a casa dos Molinas do Forno*, onde a palabra *Molinas* parece ser unha forma castelá.

En cambio, nos oicónimos procedentes de nomes propios si que aparecen moitos máis castelanismos, como sucede por exemplo na *casa de Alejandrina*, *Ángel de Xidá*, *Bienvenido do Grueiro*, *Bienvenido do Vilariño*, *o Carmino*, *os Carminos da Penagrande*, *Germán de Corvite*, *Gerardo*, *Jaime da Costeira*, *Jesús de Rebordelo*, *Jesús de Xidá*, *Jesús dos Guizos da Fontecribo*, *José da Pedreira*, *José Calvo*, *José de Feliso*, *José de Marta*, *José de Miguel*, *José de Rebordelo*, *José do Sandiño*, *José Manuel*, *Juanito das Penas*, *Toñita do Sandiño* e *Virginio*.

En total suman 26 oicónimos, o que supón que só o 11,71% do total dos nomes de casa teñen algún elemento castelanizado no seu interior.

O que caracteriza a todos estes nomes de casa é que foron creados hai pouco tempo, algo que non debe resultar sorprendente se se ten en conta que a maioría dos oicónimos de orixe antroponímica non soen ter moitos anos de antigüidade. Pero en xeral, ata a década dos anos trinta e corenta cando hai unha forma galega diferente da castelá, óptase pola galega, cousa que non sucederá desta época en diante. Así, os *Antón*, os *Lourenzo*, os *Xan*, os *Xelo* e os *Xoquín* son anteriores a esta época como sucede cos oicónimos: *a casa de Antón do Campo*, *Antón da Graña*, *Antón do Grueiro*, *Antón das Mezoiras*, *Antón de Roque*, *Antón de Xoquín*, *as Lourenzas*, *Lourenzo da Forxa*, *Lourenzo de Carelo*, *Xan do Curral Vello*, *Xan do Quinto*, *Xelo* e *Xoquín das Penas*. E os *Antonio*, *Juan* e *Ángel* comézanse a utilizar a partir deste período, e así aparecen os oicónimos: *a casa de Ángel de Xidá*, *Antonio de Corvite*, *Antonio de Xestoselo*, *Juanito das Penas* e *Toñita do Sandiño*.

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía sobre a parroquia do Buriz

- Cendán Roca, Manuel (2000): «A poboación de Guitiriz no século XX», en revista *Xermolos, asociación cultural de Guitiriz*, ano XIX, nº 44, pp. 44-45.
- Gallego Priego, Manuel e Precedo Ledo, Andrés (dirs.) (2001): *Mapa de parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal. (=MPG)
- Jove Losada, Miguel Anxo (1988): «A cooperativa do Buriz ante a nova lei de cooperativas», en *O Buriz* (1988), A. C. XERMOLOS de Guitiriz, pp. 27-41.
- Pérez López, Xenaro (1988): «Xeografía, poboación e economía da parroquia do Buriz», en *O Buriz* (1988), A. C. XERMOLOS de Guitiriz, pp. 3-13.

Dicionarios e glosarios

- Buarque de Holanda Ferreira, Aurelio (1999): *Novo Aurélio S. XXI: o dicionário da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Ed. Nova Fronteira. (=NA)
- Carballeira Anllo, Xosé M^a et alii (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*, Vigo: Ed. Xerais. (=GDXL)
- Carré Alvarellos, Leandro (1928): *Diccionario gallego-castellano*, A Cruña: Editorial Lar.
- Cuveiro Piñol, Juan (1876): *Diccionario gallego: con las voces antiguas y su pronunciación*, Barcelona: Est. Tip. de N. Ramfrez.
- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Verba, anuario galego de filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela. (GVGH).
- Otero Álvarez, Antbal (1967): *Contribución al diccionario gallego*, Vigo: Ed. Galaxia.
- Rivas Quintas, Eligio (1978): *Frampas: Contribución al diccionario gallego*, Salamanca: Ed. Ceme.
- Rivas Quintas, Eligio (1988): *Frampas II: Contribución al diccionario gallego*, Lugo: Ed. Alvarellos.
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Editorial Galaxia. (=DEGC).
- Rodríguez, Francisco Javier (1863): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: La Galicia.
- Salas, Marius et alii (1989): *Enciclopedia Limbilor Romanice*. Bucuresti: Editura Stiintifica si enciclopedica. (=ELR).

Fernando Vázquez López

Valladares Nuñez, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central.

V.V.A.A. (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. ed. Xerais/Galaxia. (DRAG).

Xove Ferreiro, Xosé et alii (1995): *Diccionario da lingua galega*, Vigo: Ed. Obradoiro: Santillana.

Bibliografía xeral

Álvarez-Balbuena García, Fernando (1999): «Una aproximación a los patrones de denominación económica en asturiano: los nombres de las casas en la parroquia de Tamón (Carreño-Asturies)», en *Resumos XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas*. Santiago de Compostela, pp. 8-9.

Bajo Pérez, Elena (2002): *La caracterización morfosintáctica del nombre propio*. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos, pp. 22-23.

Boyd-Bowman, Peter (1955): «Como obra la fonética infantil en la formación de hipocorísticos», *NRFH* 9, pp. 337-366.

Buesa Oliver, Tomás (1988): «Recursos fónicos en la afectividad de los antropónimos», *I CHLEspañola* II, pp. 1613-1640.

Iglesias Ovejero, A. (1991): «Inventario parcial de términos españoles de referencia onomástica», en *Dictionnaire historique des noms de famille romans*, Actes del III Col.loqui A cura d'Antoni M. Badia i Margarit i col.laboradors, *Patronymica románica* 5, Publicat per Dieter Kremer, Tübingen.

Moreu-Rey, Enric (1981): *Renoms, motius, malnoms i noms de casa*. Barcelona: Millà.

Sopena Balordi, A. Emma (1990): «Hipocorísticos antroponímicos: derivaciones expresiones afectivas de nombres de pila y fenómenos de transformación», en Antoni Ferrando / Albert Hauf (ed.): *Miscel.lània Joan Fuster*, vol. II. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 431-437.

Tato Plaza, Fernando R. (1992): «Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do galo*», en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I. Santiago: Servizo de Publicacións Universidade de Santiago de Compostela., pp. 361-374.

NOTAS

1. Alcume *s.m.* Nome que se lle dá a unha persoa, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias. *Tén un alcume moi orixinal. O apelativo vénlle de familia.* CF. *apelativo, sobrenome.* (DRAG, s.v. alcume).
2. *Apodo* (DRAE, Moliner). m. Nombre dado a una persona, motivado por sus defectos corporales o alguna otra circunstancia. Es descripción definida. *Mote. Sobrenombre.* (in Iglesias Ovejero 1991:230).
3. Sobrenome *s.m.* Nome distinto do propio, polo que é coñecida unha persoa. SIN. *Alias.* CF. *alcume.* (DRAG, 1997: s.v. sobrenome)
4. Vid. *Bibliografía.*
5. *Mal nombre* (Autoridades, DRAE, Moliner). Apodo. (in Iglesias Ovejero 1991: 234).
6. *Mote* (Autoridades, DRAE, Moliner). m. Sobrenombre motivado por alguna atribución personal: particularidad física, moral, biográfica, dichos o hechos del nombrado. Apodo.
 **Mote colectivo.* Mote de grupo humano. **Seudoetnónimo.* **Blasón popular.*
- **Mote familiar.* Mote transmitido por el primer portador a sus descendientes o allegados y que los distingue a todos y cada uno de los individuos de otras familias. Muchos *apellidos* actuales son motes heredados. (in Iglesias Ovejero 1991:234).
7. En *Pasquelo* (que inicialmente era unha forma feminina, creada a partir do nome propio Pascua e do sufixo desprezativo *-ela*), parece difícil de determinar se realmente é un hipocorístico ou simplemente un nome propio ao que se lle engadiu un sufixo desprezativo, xa que a maioría dos hipocorísticos cando son creados valéndose de sufixos, escóllense aqueles que non implican connotacións negativas.
8. Aínda que non é sinxelo probar a súa orixe é posible que teña a súa base no antropónimo galorrománico *Perrot*, derivado do latín PETRUS, mediante o sufixo -ÖTTUS, ao que se lle engadiría a vogal palatal, para adaptar ao noso idioma a forma rematada en oclusiva.